



Problema977: Nomea cada monómero, emparéllao co polímero ao que dá lugar e cite un exemplo dun uso doméstico e/ou industrial de cada un deles.

CH₂=CH₂ CH₂=CHCl  policloruro de vinilo poliestireno polietileno

Monómero	Nome	Polímero	Usos
CH ₂ =CH ₂	Eteno ou etileno	polietileno	Tubaxes para distribución de auga potable. Envases de alimentos, deterxentes, e outros produtos químicos. Artigos para o fogar. Xoguetes. Dispositivos protectores (cascos, xeonlleiras, coderas...).
CH ₂ =CHCl	Cloroeteno ou cloruro de vinilo	policloruro de vinilo	É un plástico utilizado en áreas tan diversas como a construción, enerxía, saúde, preservación de alimentos e artigos de uso diario, entre outros. Emprégase eficazmente para illar e protexer cables eléctricos no fogar, oficinas e nas industrias debido a que é un bo illante eléctrico.
 CH=CH ₂	Etenilbenceno, vinilbenceno ou estireno	poliestireno	Fabricación de envases, illantes térmicos en construción, material para embalaxes de obxectos fráxiles, carcasas de televisores, impresoras, portas e interiores de frigoríficos, maquinillas de afeitar refugables, xoguetes, caixas de CD, bandexas dos supermercados.